

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Maruxa Seoane, a Ánxel Fole do 30/09/1973**

**Colección:**

**Data:** 30/09/1973

**De:**

Maruxa Seoane;

**Para:**

Ánxel Fole;

**Orixo:**

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Exposición de Luís Seoane. Lugo. 1973;

**Mencionados:**

Luís Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## Transcrición da epistola de Maruxa Seoane, a Ánxel Fole do 30/09/1973

A Coruña, 30 de setembro de 1973

Sres.  
Anxel Fole y Sr. Alonso  
Lugo

Estimados amigos:

Fai catro ou cinco días escribín no nome de Luis, que neste intre sítense imposibilitado de podere escribir, unha carta a Fole onde explicaba os motivos de non poder facer a exposición denantes das festas de San Froilán. Hoxe enviamos unha pequena nota que Luis me foi dictando pra se publicar no catálogo que fagan, e, ademais, eses catálogos de exposicións feitas en Buenos Aires das que poden entresacar algúns párrafos que foron entreliñados por Luis, si lles parece ben. Tamén van entreliñados os Museos donde hai obras suas e ademais unha lista de libros de dibuxos e álbumes pra engadir no catálogo, pois cavilamos que é conveniente pra unha primeira mostra que fai nesa cidade. Os grabados salen pra esa mañán ou pasado, xa con marcos. Pregámoslles, téñanos ó tanto de como chegou todo e de nos enviar algún dos catálogos que fagan. Mandamos tamén a lista con nomes, e, asimesmo os precios correspondentes. Sen máis, agarimosos saúdos meus e un forte abrazo de Luis:

Maruja F. de Seoane

Falta a nota para se publicar no catálogo, á que fai referencia.  
Nesta mesma carpeta hai outra carta nunha segunda folla adxunta (véxase páxina seguinte) e unha terceira folla cun dibuxo, probablemente o retrato de Anxel Fole (véxase, logo despois a seguir).

Querido amigo: [S/D]

Recibín a tua carta con moito retraso, pois estivemos en Asturias pra nos despedir de miña nai e meus irmáns. Mais eso do retraso non foi o peor, senón que vindo de volta cara a Cruña o 19 deste mes, tivemos un percance no automóvil, derrapamos nunha curva da estrada e paramos da outra beira, o caso foi que Maruxa sufríu algúns hematomas na faciana e uns pequenos cortes nun brazo i eu, con mais mala sorte, rompín a perna dreita perto do xionllo e un oso da moneca do mesmo lado que me imposibilita pra andare.  
Sinto moito, pois, non asistir pra inauguración da mostra, pois teño pra, polo menos, trinta longos días mais do que levo. Mandámoslos grabados à Librería Alonso cando están listos os marcos e penso estarán ahí pras festas do San Froilán.  
Sin mais unha forte aperta e lembranzas de Maruxa:

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.